

## MEMORIA ACTIVIDADES REALIZADAS XUÑO 2007- Xuño 2008

### AXENDA ESTRATÉXICA DE INVESTIGACIÓN

O comenzo da anualidade coincidiu coa recollida do inquérito elaborado a partir do traballo dos paneis de expertos.

A primeira actividade acometida a principios do mes de Xullo foi o estudio estatístico .Os resultados arroxados polo estudio deron lugar á redación de un documento de traballo que se someteu nese mesmo mes a unha última rolda de expertos formada por participantes dos anteriores paneis ( agrogandeiro e mar industria) coa finalidade de matizar as lecturas que se podían facer dos resultados obtidos e de ilustrar o documento con aspectos técnicos específicos .

Tras a reunión e ao longo de tres meses os expertos, os membros do comité foron facendo achegas a través de reunións, mail, etc... que as secretarías técnicas incorporaron dando como resultado a A.E.I en Novembro de 2007.

A Axenda estruturase do seguinte xeito:

1.Obxectivos que a Ptgal pretende acadar con este documento

2.Análise da produción do sector por segmento de actividade, neste apartado faise unha descrición pormenorizado do sector primario,do sector secundario así como das Denominacións de orixe, Indicacións Xeográficas e Indicacións Xeográficas Protexidas.

3.Temáticas identificadas e Metodoloxía aplicada ao tratamento de datos

4.Conclusións máis relevantes

5.Enfoque e procedemento Metodolóxico que da a coñecer aos interesados o procedemento seguido na elaboración da A.E.I.

No proceso de elaboración da Axenda as prioridades estratéxicas identificadas directamente

co sector foron estruturadas en catro bloques principais:

1. Calidade alimentaria, procesado e distribución: 12 ítems
2. Seguridade alimentaria: 4 ítems
3. Produción sustentable: 9 ítems
4. Nutrición e saúde: 5 ítems

Estes catro bloques integran un total de 30 ítems. Para cada un deles foron valoradas as seguintes variables: prioridade, relevancia, grao e prazo de aplicabilidade, marco máis axeitado para o seu desenvolvemento, valoración da capacidade científica que podemos atopar en Galicia e capacidade do tecido empresarial para assimilar os resultados.

Identificaronse a maiores unha serie de necesidades de apoio ou soporte que se denominaron actuacións transversais que se organizaron en tres bloques:

1. Incremento das capacidades de innovación
2. Estrutura de soporte á I+D+i
3. Investigación de mercados

Estes integran un total de 8 actuacións que o sector manifestou de interese para fomentar, fortalecer e potenciar as capacidades de i+D+i das empresas.

A A.E.I foi presentada en acto público en Decembro de 2007 o nº de asistentes foi de 113. A A.E.I implementouse en papel e en formato dixital a través da web da Ptgal. Para este acto de presentación remitíronse convites por correo postal e vía mail e publicaron folletos promocionais e posters de difusión.

## **GRUPOS DE TRABALLO**

Nesta anualidade puxéronse en marcha os primeiros grupos de traballo da Ptgal. A decisión das temáticas que estes debían afrontar tomouna o comité executivo guiado pola A.E.I.

Os grupos públicos promovidos son:

Alimentos Funcionais

Novas Tecnoloxías de Procesado.

Formación.

Novos produtos e valorización de materias primas e subprodutos.

Cada un destes grupos de traballo ten asignado un axente dinamizador encargado de mobilizar aos integrantes co fin de xerar proxectos e iniciativas en cooperación. Os axentes dinamizadores atópanse ligados as entidades membros do comité executivo e recaen respectivamente en: Dna. Cristina López Macías ), D. Carlos Ruíz , Dna. Margarita Valcarce e D. Juanjo de la Cerda (Pescanova).

Co fin de afrontar a xestión dos grupos de un xeito uniforme, os axentes dinamizadores comezaron o seu traballo conxuntamente deseñando un protocolo de actuacións, así, consideráronse dúas vías para a consecución de proxectos; unha xeral para o funcionamento ordinario da Plataforma e outra enfocada á concorrencia á novedosa convocatoria do fondo Tecnolóxico.

Respecto a vía xeral a estratexia consistiu nos seguintes pasos:

1. Chamamento a todos os integrantes para mobilizalos dentro dos grupos de traballo, aproveitando para difundir a convocatoria do fondo.

2. Para facilitar o posterior traballo de creación de consorcios e colaboracións era preciso contar con unha información sobre as empresas e grupos de investigación que identificara as súas necesidades, capacidades e grao de implicación, para elo elaboráronse dous cuestionarios específicos o de empresas e o de grupos de investigación.

3. A información recadada no punto tres é a base que utilizan os dinamizadores para as visitas que realizan ás empresas integradas. Os dinamizadores elaboran unha ficha tipo de cada empresa da que se nutrirá a base de datos da Ptgal.

4. O último paso foi a reunión de todos os integrantes do grupo de traballo.

O protocolo de actuacións de cara aos fondos tecnolóxicos encadra dúas posibilidades:

1. Tomando como punto de partida as ideas e os traballos feitos nos antigos CENIT, Marco...que no seu momento non se levaron a cabo, para reformularlos, adecuando os obxectivos, alcance e consorcio, a nova convocatoria.

2. Iniciativas BOTTOM-UP (propostas). De cara á avaliación destas propostas elaborouse un protocolo de avaliación previo á presentación ao comité.

Dende Decembro de 2007 data na que se crearon os grupos de traballo os axentes dinamizadores levan mantido 5 reunións:

16 de Xaneiro 2008: Protocolo de actuacións dos grupos de traballo, Posibles proxectos a promover.

7 de Febreiro 2008: Estratexia de dinamización dos grupos de traballo. Dinamización de proxectos.

13 de Marzo 2008: Estado dos grupos. Ficha sobre necesidades, capacidades das empresas.

31 de Marzo 2008: Preparación da xornada de reunión dos grupos de traballo. Dinámica da Xornada. Presentación da nova estratexia do grupo de formación.

A primeira reunión dos integrantes dos grupos de traballo (agás o de formación por motivos de estratexia) celebrouse o pasado 9 de Abril 2008. A xornada tivo lugar na sede do Feuga en Santiago de Compostela e foi dirixida polos dinamizadores dos grupos de traballo. De cada un dos grupos de traballo recopiláronse as principais conclusións que se remitiron a todos os participantes así como os contactos de todos os integrantes.

O grupo de Alimentos Funcionais conta na actualidade con 45 membros (29 empresas e 15 grupos de investigación). O grupo de Novas Tecnoloxías de Procesado conta con 49 integrantes (31 empresas e 18 grupos de traballo) o grupo máis destacado en canto a integrantes e de Novos Produtos e Valorización de Materias Primas e Subprodutos con 58 membros (39 empresas e 19 grupos de investigación).

O grupo de formación pola súa temática enfócase dende unha estratexia diferente aos grupos máis directamente relacionados co I+D+i, así a estratexia elixida para este grupo

basease na agrupación dos recursos e na detección de necesidades comúns con posterior estudio da posibilidade agrupar estas necesidades en plans comúns executables a partir da partida económica de formación continua coa que contan as empresas. De non ser posible esta agrupación estudarase cada caso en particular co fin de ofrecer solucións satisfactorias.

Co fin de dar a coñecer esta oportunidade ás empresas celebrouse o pasado mes de Setembro a I Xornada de Formación continua na Empresa Agroalimentaria Galega. Este grupo conta con 31 integrantes (16 empresas e 15 grupos de investigación-entidades).

Nestes sete meses de actividade dos grupos de traballo podense considerar acadados as seguintes tarefas:

Creación dos grupos.

Definición da estrutura de funcionamento básica.

Toma de contacto coas empresas interesadas en incorporarse ao grupo.

Definición de varios proxectos.

Ademáis destes grupos públicos nos que pode participar todos os integrantes da Ptgal teñense creado dous grupos de traballo privados con proxectos xa definidos, a petición de empresas. Son dous os grupos privados validados polo comité baixo criterios de encaixe na A.E.I e magnitude do consorcio creado:

1. Seguridade Alimentaria. Os integrantes de SANOR (seguridade alimentaria do noroeste) comprende 31 socios integrados en AGAFAC (Asociación gallega de fabricantes de piensos compostos), 22 socios de CECOOP (Sociedade cooperativa galega). Ademáis participan no grupo o Laboratorio de Mouriscade e os servizos xerais de investigación da UDC. O vogal asignado para este grupo recaíu en Feiraco.

O grupo ten xerado un proxecto que se presentou á convocatoria INCITE 2008 sobre “Métodos rápidos de

detección e análise de contaminantes químicos, microbiolóxicos para dar conformidade a materias primas e produtos destinados a alimentación animal”.

2. Tecnoloxías Emerxentes. Os integrantes do grupo son: COREN, CLAVO CONGELADOS, FRIVIPESCA CHAPELA S.A, HERMASA S.A, JEALSA RIANXEIRA S.A, KIWI ESPAÑA S.A, TAN FRESCO S.L, IMASDE AGROALIMENTARIA S.L. O representante asignado

neste caso recaíu na secretaría técnica Agrogandeira (CTC).

O grupo presentará un proxecto (TEPAGA) á Convocatoria do Fondo Tecnolóxico, no próximo mes de Xullo.

## **PROXECTOS XERADOS**

Diferenciamos catro modalidades de proxectos cooperativos:

1. Proxectos xerados entre empresas-entidades na anualidade 2007 (a partires de Xuño de 2007 momento no que se solicitou a axuda de consolidación da Ptgal).
2. Proxectos xerados entre entidades na anualidade 2007.
3. Proxectos xerados entre empresas-entidades na anualidade 2008. (ata Xuño do presente ano).
4. Proxectos xerados entre entidades na anualidade 2008.

En resumo no ano 2007 no entorno da Ptgal xeráronse 23 proxectos, 18 deles contaron con participación empresarial e mobilizaron 1.534.064 € do financiamento total acadado que ascendeu a 2.058.846 € .

No que levamos de anualidade xeneráronse 47 proxectos dos que 43 contan con participación empresarial e catro xurdiron entre as entidades integrantes da Ptgal. O financiamento solicitado (aínda pendente de resolución) ascende a 19.275.582 €, dos que 12.722.432 € pertencen a proxectos xerados con empresas.

Podemos destacar dentro dos traballos realizados aqueles encamiñados a internacionalizar a Ptgal e a dotar ao sector de unhas infraestructuras de I+D. Dende o comité considerase como actuación primordial o potenciar a Ptgal máis ala de Galiza dándolle ao

sector a oportunidade de se relacionar e involucrar en novos mercados, potenciando as sinerxias e aproveitando as nosas singularidades.

A Ptgal ten promovido e traballado especialmente na creación de unha rede agroalimentaria que involucre ao sector de Galiza e do Norte de Portugal, con esta intención a Ptgal mantivo relacións con diferentes entidades e mobilizou ás entidades integradas na Ptgal para participar no proxecto interreg

### **REAL .**

O proxecto pretende crear unha rede agroalimentaria da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal que defina unha estratexia conxunta en materia de I+D+i, implicando ao sector produtivo e integrando as capacidades existentes a nivel científico e tecnolóxico, que permita dar resposta aos retos actuais, e

posicionar ao sector da Eurorexión no lugar que lle corresponde en Europa.

A plataforma Real asimilará a dinámica plantexada para a creación da Ptgal. A duración do proxecto será de 24 meses e o orzamento solicitado de 2,5 millóns. Os integrantes do proxecto son :U. MINHO, U.CATOLICA PORTUGUESA, INSTITUTO POLITÉCNICO DE VIANA DO CASTELO, NERVIR- ASOCIACIÓN EMPRESARIAL, UNIVERSIDADE DE TRAS-OS MONTES, U.VIGO, U.S.C, FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, DXIDI E CECOPESCA.

Neste contexto a Ptgal consciente de que as pemes agroalimentarias da Eurorexión carecen de departamentos de I+D e non subcontrata este tipo de servizos, o que da idea da falta de cultura innovadora, a pesar de que a maioría consideran importante mellorar a competitividade a través das actividades de I+D. Dende a plataforma tense promovido un proxecto de apoio a pemes e micropemes en materia de I+D+i así naceu **RAPID** que pretende contribuír ao desenvolvemento de tecido empresarial e produtivo de pemes e micropemes da eurorexión Galicia-Norte de Portugal do sector agroalimentario creando unha sistemática que facilite a xeración de procesos innovadores promovendo as sinerxias entre empresas e centros de I+D da Eurorexión vinculados a transformación de alimentos. A creación de unha rede de detección de proxectos innovadores e de gabinetes de funcionamento nos centros de investigación involucrados que traballarán con unha metodoloxía común permitirá minimizar o risco dos proxectos e dinamizar as relacións empresa-CI.

A filiación das organizacións galegas participantes na Ptgal así como a dos socios portugueses á creación de unha homóloga dota a iste proxecto de unha perspectiva empresarial que reafirma os plantexamentos expostos.

O RAPID foi presentado á convocatoria interreg 2008 dentro da área de cooperación, eixo de Fomento da competitividade e promoción do emprego, a súa duración será de ser aprobado de 24 meses e a o financiamento solicitado é de 1.235.106,95 €, os participantes no proxecto son: U.CATOLICA PORTUGUESA, INSTITUTO POLITÉCNICO DE VIANA DO CASTELO, FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, ANFACO-CECOPESCA, INSTITUTO POLITÉCNICO DE BRAGANÇA e LABORATORIO DE METROLOXÍA DE GALICIA.

Outro proxecto de gran importancia para o sector en concreto para o sector cárnico é o **VERDECARNE** relacionado coa xestión de sandach (Subprodutos animais non destinados ao consumo humano) que repercute de forma directa na protección da saúde pública, sanidade animal e medio ambiente ademais de

facilitar o desenvolvemento sostible das actividades económicas ligadas á produción animal. O obxectivo xeral do proxecto é mellorar a xestión dos sandach a través da cadea de produción, clasificación, transformación, destrución e valorización no sector cárnico, co obxecto de garantir a protección da saúde sen

prexuízo da actividade económica do sector implicado. Especificamente pretende facer un diagnóstico do estado actual das empresas galegas ligadas ao sector con referencia á xestión de sandach, tanto no que se refire a trazabilidade, como no que se refire aos equipamentos precisos para realizar esta xestión correctamente. Pretendese tamén determinar as tecnoloxías de valorización empregadas co fin de abrir liñas de investigación específicas referidas a novas tecnoloxías para a valorización. Todo elo completárase con un estudo sobre a capacidade dos xestores autorizados en Galizaco fin de determinar potencial demanda e novos postos de traballo. O proxecto inclúe a celebración de xornadas, guías e material divulgativo así como formación do persoal respecto á xestión de sandach.

O proxecto **TIFESAL** (convocatoria Leonardo da Vinci) sobre transferencia de innovación na formación e no emprego do sector agroalimentario atópase ligado a actividade do grupo de traballo de Formación e foi concebido como análise das ocupacións actuais emerxentes, relacionadas co sector agroalimentario, así coma da identificación das competencias específicas e transversais que precisan as empresas para modernizar procesos e produtos, e a actualización de oferta formativa profesionalizadora, era unha das apostas deste ano pero, a pesar de que o grao de madurez do proxecto era total foi imposible presentalo por problemas xurdidos na aplicación informática. Nestes momentos estase concorrendo á convocatoria do mesmo programa para a solicitude de axudas para e visitas preparatorias entre socios co fin de presentar o proxecto na vindeira convocatoria de proxectos multilaterales de transferencia da innovación LEONARDO DA VINCI.

## **OUTRAS ACTIVIDADES**

Un dos compromisos adquiridos pola Ptgal o pasado ano foi a elaboración de un catálogo de servizos tecnolóxicos existentes en Galicia. Durante este período as secretarías técnicas contactaron coas entidades de interese para o sector dando a coñecer a iniciativa e facilitando a ficha que deberían remitir con información relativa aos seus proxectos, liñas de investigación, servizos e contacto.

As entidades contactadas foron ANFACO-CECOPECA, CTC, CSIC, UVIGO, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Consellería de Medio Rural, CETMAR e DXIDI recopilándose un total de 65 fichas de grupos de investigación.

Logo de batallar distintas posibilidades de presentación, pareceunos a máis práctica, clara e efectiva o uso do formato web, sobor de todo pola posibilidade de ampliación e mellora dos contidos, permitindo estar en todo momento actualizado.

O catálogo está publicado na páxina web da PTGAL ([www.ptgal.org](http://www.ptgal.org)) en formato dixital levándose a cabo actualmente os últimos retoques técnicos; Tras contemplar diferentes posibilidades de presentación, o máis claro e eficaz pareceunos interrelacionar cada unha das prioridades temáticas identificadas na A.E.I coas capacidades dos grupos de investigación

Ó catálogo accederase a través da paxina web, estando a disposición do usuario 3 niveis de procura:

### 1.Procura por Prioridades identificadas na AEI:

Pareceunos moi claro e eficaz interrelacionar cada unha das prioridades identificadas na A.E.I coas capacidades dos grupos de investigación. Deste xeito, aparecerán na web as prioridades da AEI e premendo nelas despregarase os grupos de Investigación que actúan neses eidos.

### 2.Procura por Centro:

Na propia páxina de presentación do catálogo de servizos, aparecerán o listado de Centros e premendo neles, despregarase o listado de grupos de investigación participantes.

### 3.Procura por palabra/investigador:

Quizás o xeito máis convencional de procura, pero non por iso menos efectivo, é a busca por palabra ou investigador. Introducendo nese eido a palabra desexada (p.ex trazabilidade) despregaranse o listado de grupos de investigación que traballan nese eido e premendo no desexado, abrirase a ficha correspondente. Asimismo, introducindo o nome do investigador, despregarase o grupo de investigación no que traballa.

A aplicación permitirá ademáis despregar a ficha de cada grupo onde ampliar información e buscar os contactos dese grupo dotando ó catálogo de un maior grao de operatividade.

Mencionar tamén o traballo realizado polas secretarías e polo comite en prol de manter unha páxina web actualizada onde se recollen as principais novas do sector así como na organización e participación das xornadas celebradas pola plataforma e nos actos de representación da Ptgál .